

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

46390 (12/CPC-000152)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia de Turismo de Galicia, por petición propia, para dar conta do balance turístico de Galicia no ano 2025 e das propostas para 2026

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319f1, do 22.01.2026

Punto 2. Preguntas

2.1 43819 (12/POC-006822)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para fomentar a actividade mineira en Galicia e as previsións cara ao futuro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 313f2, do 14.01.2026

2.2 45588 (12/POC-007310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o consumo de enerxía en Galicia e a planificación que leva a cabo o Goberno galego das medidas de promoción da eficiencia enerxética no sector residencial, industrial e no transporte

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 320f4, do 23.01.2026

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Asinado o día 28/01/2026 ás
13:19
Por Cristina Sanz Arias



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 28/01/2026 13:19:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/01/2026 13:40:16
Nº Rexistro: 12184
Data envío: 28/01/2026 13:40:16.006

CSV: REXPG-yqdiKjvnq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:40:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/01/2026 13:40:16
Nº Rexistro: 12184
Data envío: 28/01/2026 13:40:16.006

CSV: REXPG-yqdiKjvniq-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Sanz Arias	P
Vicepresidente	
Miguel Fidalgo Iglesias	P
Secretario	
Ramón Tomás Fernández Alfonso	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Saleta Chao Rivas	BNG
José Manuel Golpe Acuña	BNG
Carmela González Iglesias	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Rubén Lorenzo Gómez	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Ángel Rodríguez Conde	P
Moisés Rodríguez Pérez	P
Brais Ruanova Vilas-Boas	BNG
Borja Vereja Fraiz	P
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 46390(12/CPC-000152)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia de Turismo de Galicia, por petición propia, para dar conta do balance turístico de Galicia no ano 2025 e das propostas para 2026

Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director da Axencia Turismo de Galicia para **dar conta do balance turístico de Galicia no ano 2025 e propostas para 2026.**

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-PGF-siGx1M-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
19/01/2026 10:11:48

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/01/2026 10:11:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2026 10:11:54
Nº Rexistro: 46390
Data envío: 19/01/2026 10:11:54.073

CSV REXPG-PgF5IGx1H-8
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 43819(12/POC-006822)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para
fomentar a actividade mineira en Galicia e as previsións cara
ao futuro

Publicación da iniciativa, 313f2, 14.01.2026



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:30:32
Nº Rexistro: 43819
Data envío: 02/01/2026 11:30:32,650

Asinado o día 02/01/26
11:28
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O programa 734A, destinado ao fomento da actividade mineira en Galicia, presenta no terceiro trimestre de 2025 unha execución orzamentaria de apenas o 1,8 %, unha cifra que evidencia a ausencia total dunha política mineira planificada, sostible e con visión de país por parte da Xunta de Galicia.

Esta execución practicamente nula non pode interpretarse como un feito illado, senón como o reflexo dunha estratexia inexistente no ámbito da minería. Galicia carece hoxe dun plan galego de actividades extractivas que ordene o sector, identifique as materias primas estratéxicas, estableza criterios ambientais claros e defina mecanismos efectivos de retorno económico e social para os territorios afectados polas explotacións.

A falta de planificación está a provocar unha situación de desorde administrativa, inseguridade xurídica e conflito social, con numerosos procedementos xudiciais abertos, autorizacións anuladas e proxectos paralizados. Lonxe de ofrecer un marco estable e garantista, o Goberno galego optou por unha xestión reactiva, caso a caso, sen transparencia nin avaliación global do impacto ambiental, económico e social da actividade mineira.

Resulta especialmente grave que, nun contexto europeo no que se fala de autonomía estratéxica en materias primas críticas, a Xunta de Galicia non sexa quen de articular unha política pública que compatibilice o aproveitamento racional dos recursos minerais coa protección ambiental e o desenvolvemento

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:28
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/01/2026 ás
11:27
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REVPG-7B3Jb9C-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:30:32
Nº Rexistro: 43819
Data envío: 02/01/2026 11:30:32.650

local. A minería podería contribuír á cadea de valor industrial e á creación de emprego de calidade, mais a inacción do Executivo impide aproveitar esta oportunidade.

Ao mesmo tempo, o Goberno galego non garante un retorno económico e social xusto para as comarcas que soportan os impactos das actividades extractivas. Non existen mecanismos claros de compensación, reinvestimento territorial nin participación das comunidades locais nos beneficios xerados. Os territorios asumen os custos ambientais e sociais mentres os beneficios se externalizan, agravando o despoboamento e a perda de actividade económica.

Cómpre engadir, ademais, a preocupante intención da Xunta de externalizar funcións de inspección e control mineiro, o que supón unha privatización encuberta das tarefas de vixilancia pública nun sector de alto risco ambiental. Esta deriva compromete a capacidade da Administración para garantir o cumprimento da legalidade, a protección do medio ambiente e a seguridade das persoas.

A execución do 1,8 % do programa 734A non só revela unha renuncia explícita a fomentar unha minería sostible, senón tamén a falta de compromiso coa modernización do sector, coa innovación tecnolóxica e coa creación dunha cadea de valor que xere riqueza e emprego en Galicia.

En definitiva, a baixísima execución orzamentaria deste programa confirma que a política mineira da Xunta de Galicia carece de planificación, ambición e responsabilidade territorial, deixando sen resposta un sector estratéxico que require control público, sustentabilidade ambiental e retorno social real.

CSV REXPO-FT8SLb9C-2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:30:32
Nº Rexistro: 43819
Data envío: 02/01/2026 11:30:32.650

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como xustifica a Xunta de Galicia que o programa 734A teña unha execución de apenas o 1,8 % no terceiro trimestre de 2025?
2. Ten previsto o Goberno galego elaborar un plan galego de minería sostible que ordene o sector e compatibilice o aproveitamento dos recursos minerais coa protección ambiental e o desenvolvemento territorial?
3. Que medidas concretas está a adoptar a Xunta para garantir un retorno económico e social real nas comarcas afectadas polas actividades extractivas?
4. Pode confirmar o Goberno galego se mantén a intención de externalizar a inspección mineira e, de ser así, que xustificación ofrece para reducir o control público nun sector de alto impacto ambiental?
5. Que previsión de execución final do programa 734A manexa a Xunta de Galicia ao peche do exercicio 2025 e que actuacións pensa impulsar nos meses restantes?

Santiago de Compostela, a 2 de xaneiro do 2026

CSV REXPO-F78SLb9C-2
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/01/2026 11:27:57

Elena Espinosa Mangana na data 02/01/2026 11:28:03

Lara Méndez López na data 02/01/2026 11:28:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:30:32
Nº Rexistro: 43819
Data envío: 02/01/2026 11:30:32.650

CSV REXPG-F78SLb9C-2
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/01/2026 11:30:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2026 11:30:32
Nº Rexistro: 43819
Data envío: 02/01/2026 11:30:32.650



CSV REXPO-F78SLb9C-2
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 45588(12/POC-007310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o consumo de enerxía en Galicia e a planificación que leva a cabo o Goberno galego das medidas de promoción da eficiencia enerxética no sector residencial, industrial e no transporte

Publicación da iniciativa, 320f4, 23.01.2026



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

Asinado o día 15/01/26
10:01
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun escenario de transición enerxética que, basicamente, consiste en electrificar, até o máximo posíbel, actividades económicas e mobilidade que actualmente consumen produtos de orixe fósil e, ademais e ao mesmo tempo, conseguir que a xeración eléctrica sexa moi maioritariamente con fontes renovábeis, precisamos incentivar a nosa eficiencia enerxética, producir o mesmo pero con menos consumo enerxético.

Como xa se ten evidenciado, nestes últimos anos estamos asistindo a unha baixada moi pronunciada do consumo eléctrico na Galiza; isto débese ao parón das electrointensivas -caso singular é o de Alcoa, por ser o maior consumidor de electricidade de Galiza-, mais tamén hai un menor consumo doméstico.

Dita diminución no consumo advirte que os obxectivos da transición enerxética non se están cumprindo nestes momentos, xa que, de darse, estaríamos asistindo a unha caída de consumo de carburante que sería substituída por un maior consumo eléctrico e, como dicimos, de momento non se está producindo.

Porén, esta situación dálle un maior prazo e unha mellor posición a Galiza para acometer a transición; agora somos deficitarios en enerxía pero con importantes excedentes en electricidade e cun incremento moi significativo da xeración eléctrica renovábel.

Asinado o día 15/01/2026 ás
10:00
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 15/01/2026 ás
10:00
Por Xosé Manuel Golpe Acuña

CSV: REVPG-aZxh-xRKG-1
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

Mais tamén precisamos dun novo Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, no que se cuantifiquen e fixen os obxectivos a conseguir en diferentes períodos temporais prefixados, xunto cos métodos de control e avaliación do mesmos; as axudas que se aproben o amparo do mesmo deben ser todas en réxime de concorrência competitiva, mais onde as persoas con limitacións para acceder a todos os sistemas e tecnoloxías de aforro enerxético teñan prioridade nunha única convocatoria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- 1- Tren a Xunta de Galiza algún plan aplicado, ou en proxecto para mellorara a eficiencia enerxética no sector residencial, industrial e no transporte?
- 2- Como valora a Xunta a caída do consumo progresiva e continuada que experimenta Galiza nos últimos anos?
- 3- Cantas liñas de subvención se artellaron co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética nos últimos dous anos?
- 4- Como están a influír os CAEs nas inversións en eficiencia enerxética?
- 5- Ten datos a Xunta do consumo de gas natural na Galiza, desagregado por sectores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-4ZX1YRKG-1

Validado

https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/01/2026 10:00:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 10:00:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 10:01:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

CSV REXPG-4ZX1YRKG-1
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:03:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

CSV: REXPO-4ZX1YRKG-1
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

